



## Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



Modelo silvícola PF2

Xénero *Quercus* spp. e *Castanea* spp.

## Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **repopoación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **trituration de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**



**Xénero *Quercus* spp. e *Castanea* spp.**

MODELO SILVÍCOLA PF2

Produción multifuncional: micosilvícola de fungos e de madeira

## 1 PREPARACIÓN DO TERREO


- Subsulado mecanizado
- Aburatado mecanizado
- Aburatado manual (zonas de mecanización difícil)

## 2 PLANTACIÓN

- **Marco e densidade de plantación:** en sementeira ou rexeneración natural a densidade deberá ser maior a 3.000 plantas/ha.
- Recoméndase o emprego de planta micorrizada con especies de fungos que aseguren unha boa implantación da especie forestal.

## 3 MANTEMENTOS

- Unha roza mecanizada ou manual nos primeiros anos.
- Recomendable o mantemento da vexetación mediante pastoreo.



### MODELO SILVÍCOLA PF2

**ESPECIE:** Xén. *Quercus spp.* e *Castanea spp.*, preferentemente, aplicable a formacións mixtas de frondosas autóctonas

**OBXECTIVO:** produción multifuncional: micosilvícola de fungos e de madeira

**DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN:** todos os distritos forestais

## 4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas:** ata un mínimo de 2 m. Recoméndase a realización dunha poda alta nos pés que vaian chegar á corta final.
- **Desmestas:** no caso de rexeneración natural realizarase unha rarea nos primeiros anos co fin de acadar entre 1.000 e 1.500 pés/ha.
- **Rareas:** de 3 a 6 rareas para chegar a unha densidade previa ás cortas de rexeneración entre 300 e 500 pés/ha.

## 5 CORTA FINAL

- **Idade de corta:** a queda da especie principal da masa, priorizando quendas longas.
- **Métodos de corta:** cortas por rareo sucesivo uniforme, por faixas ou por bosquetes.